

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 24 de febreiro de 2026 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento ED312C e ED312D).

O artigo 41 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece os requisitos de acceso a ciclos formativos de grao superior e de grao medio de formación profesional.

O Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional, establece nos seus artigos 110.1 e 114.1 en relación coas probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior, respectivamente, que as administracións competentes convocarán anualmente probas específicas de acceso á formación profesional, destinadas a persoas que non cumpran os requisitos académicos exixibles.

Así mesmo, o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina no artigo 36.2 que a consellería con competencias en materia de educación regulará as probas de acceso para quen non cumpra os requisitos académicos de acceso aos ciclos formativos de formación profesional. No artigo 37 dispónse que a consellería con competencias en materia de educación convocará, cando menos unha vez ao ano, as probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior.

De conformidade co exposto e no uso das competencias que se me atribúen na lexislación vixente,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta orde ten por obxecto a regulación das probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio (código de procedemento ED312C) e de grao superior (código de procedemento ED312D).



mento ED312D) de formación profesional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2026.

Artigo 2. *Finalidade e persoas destinatarias*

1. As probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio teñen por finalidade permitir ás persoas que non posúan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria nin un título profesional básico, nin outros estudos equivalentes para os efectos de acceso, continuar a súa formación accedendo aos ciclos formativos de formación profesional de grao medio, nunhas condicións suficientes para cursaren con aproveitamento estas ensinanzas.

2. As probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior teñen por finalidade permitir ás persoas que non posúan o título de bacharelato nin un título de técnico de formación profesional, nin outros estudos equivalentes para os efectos de acceso, a posibilidade de continuaren formándose en ciclos de formación profesional de grao superior, coa madurez e a idoneidade suficientes para cursaren con aproveitamento estas ensinanzas.

Artigo 3. *Tribunal avaliador*

1. Co obxecto de garantir o acceso aos ciclos formativos de formación profesional en igualdade de condicións, a Dirección Xeral de Formación Profesional designará un tribunal composto por un presidente ou unha presidenta, un secretario ou unha secretaria e un número suficiente de vogais segundo as áreas ou as materias avaliáveis.

O presidente ou a presidenta deberá ser un inspector ou unha inspectora de educación, ou ben un director ou unha directora dun centro público docente onde se impartan ensinanzas de formación profesional.

O secretario ou a secretaria e os/as vogais deberán ser membros dos corpos de profesorado de ensino secundario, de profesorado técnico de formación profesional ou de catedráticos/as de ensino secundario.

2. O tribunal avaliador desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Elaboración das probas e dos criterios de corrección.
- b) Supervisión do proceso de corrección.
- c) Resolución provisional e definitiva das persoas admitidas e excluídas para a realización da proba.



d) Resolución provisional e definitiva das solicitudes de exención da proba.

e) Resolución provisional e definitiva de solicitudes de proba adaptada.

f) Resolución provisional e definitiva de cualificacións das probas.

3. Ao tribunal avaliador poderán incorporarse os asesores ou as asesoras que cumpra para resolver as posibles exencións da proba, así como as solicitudes de adaptación para a súa realización, en caso de persoas que acrediten discapacidades.

Artigo 4. *Comisións de realización en centros educativos*

1. Do desenvolvemento das probas responsabilizarase, en cada centro proposto e para cada grao, unha comisión de realización de probas nomeada polo departamento territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional por proposta do servizo provincial de Inspección Educativa. Tamén nomeará, polo menos, un inspector ou unha inspectora responsable provincial das probas de acceso, que se encargará da coordinación e da supervisión das comisións de realización da súa provincia.

2. As comisións de realización de probas de acceso aos ciclos formativos estarán integradas por:

a) Un inspector ou unha inspectora de educación, ou a persoa responsable da dirección do centro educativo onde se realicen as probas, que exercerá a presidencia da comisión.

b) Un número suficiente de vogais, que han actuar como vixiantes o día da proba, segundo o número de persoas participantes inscritas e os espazos onde se desenvolvan as probas.

Artigo 5. *Funcións das comisións de realización*

1. As funcións das comisións de realización das probas de acceso serán as seguintes:

a) Organizar a realización da proba de acceso no instituto de educación secundaria ou centro integrado de formación profesional que corresponda.

b) Atender e resolver as incidencias orixinadas durante a realización da proba.

c) Formalizar as actas de seguimento do proceso de realización das probas.



d) Emitir as certificacións derivadas do proceso de realización das probas.

e) Calquera outra que lle encomende a Administración educativa no ámbito das súas competencias.

2. A Inspección Educativa supervisará o desenvolvemento das actuacións que se leven a cabo nas comisións de realización de probas de acceso, para garantir así a calidade e a fiabilidade do proceso.

3. As comisións de probas de acceso realizarán a xestión das funcións encomendadas por medio dunha aplicación informática facilitada para tal efecto pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Artigo 6. *Publicacións de resolucións*

Quen desexar información puntual no relativo ás resolucións en todo o proceso de desenvolvemento das probas de acceso poderá dirixirse ao centro onde realizase a súa inscrición ou ben poderá consultar de xeito individualizado a información correspondente as resolucións na aplicación «Ciclosprobas». Estas resolucións terán efectos de comunicación ás persoas que presenten reclamación.

Artigo 7. *Información e orientación sobre as probas de acceso*

Todos os institutos de educación secundaria que impartan ciclos formativos de formación profesional e os centros integrados de formación profesional deberán ofrecer ás persoas interesadas información e orientación sobre estas ensinanzas, así como sobre o procedemento de inscrición e desenvolvemento das probas de acceso.

Artigo 8. *Documentación do proceso*

Os modelos coa información mínima que deben reflectir as actas de cualificación e as certificacións das probas de acceso son os establecidos nos anexos III, IV, V e VI.

Artigo 9. *Probas de acceso adaptadas ás persoas que acrediten discapacidades*

1. As persoas con necesidades específicas derivadas de alteracións físicas, psíquicas ou sensoriais cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán solicitar as medidas ou os recursos adicionais necesarios para desenvolver a proba de acceso.



Quen solicite proba adaptada deberao facer constar expresamente no momento da inscrición e, soamente en caso de non ter que ser emitido pola Xunta de Galicia ou opoñerse á súa consulta, deberá presentar o certificado do grao de discapacidade emitido polo organismo competente, así como o seu ditame técnico facultativo.

2. Con independencia do disposto no punto anterior, tamén poderán solicitar a adaptación da proba as persoas diagnosticadas de trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH). A solicitude de proba adaptada farase constar expresamente na solicitude de inscrición e xuntaráselle a xustificación documental do diagnóstico de TDAH (informe médico e informe psicopedagógico, se o houber).

3. A adaptación da proba que deben superar estas persoas deberá respectar o esencial dos referentes de avaliación establecidos para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio ou grao superior.

4. Os centros de inscrición comunicarán a resolución de adaptación da proba ás persoas que a soliciten. As resolucións provisional e definitiva de proba adaptada poderán consultarse na secretaría do centro onde se realizase a inscrición polas persoas interesadas ou por quen as represente; non serán publicadas na internet nin nos taboleiros de anuncios.

Artigo 10. *Conservación da cualificación das partes superadas*

Quen teña realizada a proba de acceso a ciclos formativos de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2024 ou 2025 e non a superase na súa totalidade poderá solicitar a conservación da cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco para a presente convocatoria. En caso de solicitar a conservación, non poderá examinarse desa parte ou desas partes da proba.

Artigo 11. *Cualificación das probas de acceso a ciclos formativos*

1. Segundo o disposto no artigo 40 do Decreto 114/2010, a cualificación de cada parte da proba será numérica, entre cero e dez puntos. A cualificación de cada parte será o resultado de obter a media aritmética das cualificacións obtidas nos exames que integran esa parte.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de catro puntos en cada parte, e será a media aritmética destas, expresada con dous de-



cimais. Será positiva a cualificación de cinco puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como «Non apto/a».

2. Para os efectos de cálculo da nota final da proba de acceso non se terán en conta as partes da proba das que a persoa participante fose declarada exenta. Así mesmo, en caso de exención de todas as partes da proba, a cualificación final expresarase como «Exento/a». Neste caso, no proceso de admisión a ciclos formativos participárase cunha cualificación de 5,00.

Artigo 12. Validez das probas de acceso

1. De acordo co artigo 42 do Decreto 114/2010:

a) As probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior terán validez en todo o territorio do Estado. O acceso a cada ciclo formativo de grao superior quedará determinado de acordo coa parte específica da proba superada.

b) Quen realice a proba na Comunidade Autónoma de Galicia e non a supere na súa totalidade poderá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco en futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos en Galicia, durante os dous anos seguintes.

2. As exencións concedidas ao abeiro da presente convocatoria manterán a súa validez nas futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de formación profesional en Galicia, sempre que se manteña a estrutura da proba.

Artigo 13. Recursos

Contra a resolución definitiva de persoas admitidas, a resolución definitiva de exencións, a resolución definitiva de probas adaptadas e as cualificacións definitivas da proba de acceso poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente resolución definitiva ante a directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 14. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

Os trámites posteriores ao inicio dos procedementos (ED312C e ED312D) deberán realizarse presencialmente en calquera centro educativo de inscrición. A sede electrónica da



Xunta de Galicia ten ao dispor das persoas interesadas unha serie de modelos para facilitar a realización dos devanditos trámites que poderán ser empregados por elas.

CAPÍTULO II

Probos de acceso a ciclos formativos de grao medio (ED312C)

Artigo 15. *Proba de acceso a grao medio, requisitos das persoas participantes*

Poderán participar na proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio as persoas que non cumpran os requisitos académicos exixidos para acceder a eles e teñan cumpridos dezasete anos ou os fagan no ano natural de celebración da proba.

Artigo 16. *Proba de acceso a grao medio, datas e lugares de inscrición*

A solicitude de inscrición, segundo o modelo do anexo I, para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio irá dirixida ao director ou á directora de calquera centro docente público da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que imparta ciclos formativos de formación profesional no curso académico 2025/26. O prazo de presentación estará abranguido entre os días 16 de marzo e 26 de marzo de 2026, ambos os dous incluídos.

Artigo 17. *Proba de acceso a grao medio, presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado de solicitude, anexo I (código de procedemento ED312C), dispoñible na aplicación informática «Ciclosprobas» (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinalInicio.do>), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal>).

2. Tamén se poderán presentar as solicitudes na secretaría de calquera centro docente público da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que imparta ciclos formativos de formación profesional no curso académico 2025/26. As persoas interesadas deberán cubrir a solicitude a través da aplicación «Ciclosprobas» (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinalInicio.do>), que xerará un documento en formato PDF co formulario normalizado de solicitude, anexo I (código de procedemento ED312C), que a persoa interesada deberá imprimir e posteriormente presentar no centro de inscrición. No caso de solicitantes menores de idade, poderán realizar a solicitude a



través da aplicación informática as persoas titulares da patria potestade ou os representantes legais.

3. O centro de inscrición elixido pola persoa solicitante tomarase como referencia para a asignación da sede de realización da proba de acceso.

Artigo 18. *Proba de acceso a grao medio, documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI ou NIE.

b) Resolución xudicial acreditativa da separación ou divorcio, situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a unha das persoas proxenitoras (documento 1).

c) Certificado do grao de discapacidade, cando fose expedido por outra comunidade autónoma (documento 2).

d) Ditame técnico facultativo, cando fose expedido por outra comunidade autónoma (documento 3).

e) Xustificación documental do diagnóstico de TDAH (documento 4).

f) Certificado de realización dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional, cando fose expedido por outra comunidade autónoma (documento 5).

g) Certificación académica de módulos superados dun título de formación profesional básica, cando fose expedida por outra comunidade autónoma (documento 6).

h) Certificación académica de módulos superados dun programa de cualificación profesional inicial, cando fose expedida por outra comunidade autónoma (documento 7).

i) Certificación académica de ámbitos superados do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas, cando fose expedida por outra comunidade autónoma (documento 8).

j) Certificado de profesionalidade (documento 9).



k) Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou o equivalente da mutualidade laboral que corresponda (documento 10).

l) Persoal das Forzas Armadas: certificación de vida laboral expedida pola pagadoría do centro de destino actual onde consten os empregos desempeñados por destino, coa especialidade militar e o período de exercicio (documento 11).

m) Certificado de ter realizado un curso autorizado de preparación da proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio (documento 12).

2. A documentación complementaria presentarse xunto coa solicitude, segundo o establecido nos artigos 16 e 17 desta orde.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de xeito motivado o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 19. *Proba de acceso a grao medio, comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Certificado do grao de discapacidade, cando fose expedido por organismos dependentes da Xunta de Galicia (documento 2).

b) Ditame técnico facultativo, cando fose expedido por organismos dependentes da Xunta de Galicia (documento 3).



c) Certificado de realización dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional, realizada en Galicia (documento 5).

d) Certificación académica de módulos superados dun título de formación profesional básica, cursado en Galicia (documento 6).

e) Certificación académica de módulos superados dun programa de cualificación profesional inicial, cursado en Galicia (documento 7).

f) Certificación académica de ámbitos do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas, cursado en Galicia (documento 8).

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 20. *Proba de acceso a grao medio, estrutura e organización*

A estrutura e a organización da proba están definidas no artigo 38.3 do Decreto 114/2010. Cada parte organizarase en probas de distintas materias, conforme o seguinte:

a) Parte sociolingüística:

– Lingua castelá.

– Lingua galega.

– Ciencias sociais.

b) Parte matemática:

– Matemáticas.



c) Parte científico-técnica:

– Ciencias da natureza.

– Tecnoloxía.

Artigo 21. *Proba de acceso a grao medio, exencións*

1. De acordo co artigo 38.4 do Decreto 114/2010, quen participe nas probas de acceso a ciclos formativos de grao medio poderá solicitar a **exención total ou parcial da proba**. A persoa solicitante non poderá examinarse da parte ou das partes da proba para as que se lle conceda, nesta convocatoria, a exención.

2. Poderán quedar exentas da totalidade da proba **as persoas que acrediten algunha das seguintes circunstancias:**

a) Ter superada unha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional inicial, de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.

b) Ter superada unha proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.

En calquera destas circunstancias, poderase participar no proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio, presentando directamente o certificado acreditativo correspondente.

Artigo 22. *Proba de acceso a grao medio, exención de partes*

Poderán quedar exentas dunha parte da proba as persoas que acrediten, **mediante o documento xustificativo** a que se fai referencia nos artigos 18 e 19, algunha das seguintes circunstancias:

1. Exención da parte sociolingüística:

a) Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia (documento 5).

b) Superación dos módulos profesionais de Comunicación e Sociedade I e II dun título de formación profesional básica (documento 6).



c) Superación dos ámbitos social e de comunicación dun programa de cualificación profesional inicial (documento 7).

d) Superación dos ámbitos social e de comunicación do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (documento 8).

2. Exención da parte matemática e da parte científico-técnica:

a) Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia (documento 5).

b) Superación dos módulos profesionais de Ciencias aplicadas I e II dun título de formación profesional básica (documento 6).

c) Superación do ámbito científico-tecnolóxico dun programa de cualificación profesional inicial (documento 7).

d) Superación do ámbito científico-tecnolóxico do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (documento 8).

3. Exención da parte científico-técnica:

a) Exención recoñecida dunha convocatoria anterior das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia (documento 5).

b) Superación dos módulos profesionais dun título de formación profesional básica, agás o módulo de Formación en centros de traballo e os módulos asociados aos bloques comúns (documento 6).

c) Superación dos módulos específicos profesionais (exceptuando o módulo de Formación en centros de traballo) dun programa de cualificación profesional inicial (documento 7).

d) Certificado de profesionalidade de calquera nivel, consonte o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade (documento 9).

e) Acreditación, como mínimo, do tempo equivalente a un ano de experiencia laboral a xornada completa, con independencia do campo profesional en que se traballase. As persoas interesadas deberán cumprir este requisito con anterioridade á conclusión do período de inscrición para as probas.



– En caso de traballadores e traballadoras por conta allea, a documentación para presentar será o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou da mutualidade laboral en que se estivese afiliado/a, onde conste a empresa e o período de contratación (documento 10). En caso de persoal das Forzas Armadas, certificación de vida laboral expedida pola pagadoría do centro de destino actual, onde consten os empregos desempeñados por destino, coa especialidade militar e o período de exercicio (documento 11).

– En caso de traballadores e traballadoras por conta propia, a documentación para presentar será o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social onde conste o período de cotización no réxime especial de traballadores/as autónomos/as, ou o equivalente da mutualidade laboral en que se estivese afiliado/a (documento 10).

Artigo 23. *Proba de acceso a grao medio, relacións provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas*

1. O día 7 de abril poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución provisional de solicitudes na aplicación «Ciclosprobas». Esta resolución dará información sobre a solicitude e a documentación presentada. No caso das exclusións, farase indicación expresa dos motivos que as ocasionen.

2. Poderanse presentar reclamacións contra a resolución provisional desde o día 7 ao día 10 de abril, ambos os dous incluídos, no mesmo centro onde se realizase a inscrición. Así mesmo, durante o período de reclamación poderase achegar a documentación pendente de entrega ou reclamada pola Administración referente ao solicitado na folla de inscrición.

3. O día 22 de abril poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución definitiva de solicitudes na aplicación «Ciclosprobas». Esta resolución dará información sobre a solicitude e a documentación presentada. No caso das exclusións, farase indicación expresa dos motivos que as ocasionen.

Artigo 24. *Proba de acceso a grao medio, resolución das solicitudes de exención e de proba adaptada*

1. O día 7 de abril poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución provisional de exencións e de probas adaptadas na aplicación «Ciclosprobas». En caso de resolución denegatoria, figurará na resolución a causa da denegación.

2. Contra estas resolucións provisionais as persoas interesadas poderán presentar reclamación desde o día 7 ao día 10 de abril, ambos os dous incluídos, ante o presidente ou



a presidenta do tribunal avaliador das probas, no centro onde se realizase a inscrición. As secretarías dos centros tramitarán as reclamacións a través da aplicación informática.

3. O día 22 de abril poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución definitiva de exencións e de probas adaptadas na aplicación «Ciclosprobas». En caso de resolución denegatoria, figurará na resolución a causa da denegación.

Artigo 25. *Proba de acceso a grao medio, comisións de realización*

De acordo co establecido no artigo 4, con anterioridade ao 14 de abril cada departamento territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional comunicará por escrito á Dirección Xeral de Formación Profesional o seguinte:

- O nome do inspector ou a inspectora responsable provincial das probas de acceso.
- A relación de centros públicos onde se vaian constituír as comisións de realización das probas, así como os centros adscritos. O día 22 de abril farase pública esta listaxe en cada centro onde se realice a inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>
- A relación das persoas integrantes das comisións de realización das probas, con detalle das funcións ou as tarefas que desempeñarán, en cada caso.

Artigo 26. *Proba de acceso a grao medio, realización*

1. As probas de acceso aos ciclos de grao medio terán lugar o día 21 de maio de 2026 no horario que se indica deseguido:

- Ás 9.00 horas: presentación.
- Das 9.30 ás 13.00 horas: parte matemática e parte sociolingüística.
- Das 16.00 ás 18.00 horas: parte científico-técnica.

2. As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e a copia da folla da solicitude de inscrición.

Artigo 27. *Proba de acceso a grao medio, resolucións provisionais e definitivas de cualificacións*

1. O día 29 de maio poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución provisional de cualificacións na aplicación «Ciclosprobas».



2. Poderanse presentar reclamacións contra a resolución provisional desde o día 1 ata o día 3 de xuño, ambos os dous incluídos, no mesmo centro onde se realizara a inscrición.

3. O día 12 de xuño poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución definitiva de cualificacións na aplicación «Ciclosprobas».

Artigo 28. *Proba de acceso a grao medio, emisión de certificacións*

1. Todas as persoas participantes nas probas de acceso poderán solicitar as certificacións de realización da proba en calquera centro educativo público da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional con oferta de ciclos formativos de formación profesional, a partir do día 15 de xuño de 2026.

2. En caso de superación total da proba, a certificación que o acredite dará acceso a calquera ciclo formativo de grao medio, nas condicións de admisión que se establezan.

3. Ás persoas que non superen a proba na súa totalidade, esta certificación permitiralles conservar durante os dous anos seguintes as cualificacións obtidas nas partes superadas para as convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A certificación recollerá, pola súa vez, as posibles exencións outorgadas, que manterán a súa validez para futuras convocatorias, sempre que se manteña a mesma estrutura da proba de acceso.

CAPÍTULO III

Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior (ED312D)

Artigo 29. *Proba de acceso a grao superior, requisitos das persoas participantes*

Poderán participar na proba de acceso aos ciclos formativos de grao superior as persoas que non cumpran os requisitos académicos exixidos para acceder a eles e teñan feitos dezanove anos ou os fagan no ano de realización da proba.

Artigo 30. *Proba de acceso a grao superior, datas e lugares de inscrición*

A solicitude de inscrición, segundo o modelo do anexo II, para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior irá dirixida ao director ou á directora de calquera centro docente público da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesio-



nal que imparta ciclos formativos de formación profesional no curso académico 2025/26. O prazo de presentación estará abranguido entre os días 16 e 26 de marzo de 2026, ambos os dous incluídos.

Artigo 31. *Proba de acceso a grao superior, presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado de solicitude, anexo II (código de procedemento ED312D), dispoñible na aplicación informática «Ciclosprobas» (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/Paxinalnicio.do>), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal>).

2. Tamén se poderán presentar as solicitudes na secretaría de calquera centro docente público da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que imparta ciclos formativos de formación profesional no curso académico 2025/26. As persoas interesadas deberán cubrir a solicitude a través da aplicación «Ciclosprobas» (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/Paxinalnicio.do>), que xerará un documento en formato PDF co formulario normalizado de solicitude, anexo II (código de procedemento ED312D), que a persoa interesada deberá imprimir e posteriormente presentar no centro de inscrición.

3. O centro de inscrición elixido pola persoa solicitante tomarase como referencia para a asignación da sede de realización da proba de acceso.

Artigo 32. *Proba de acceso a grao superior, documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI ou NIE.
- b) Certificado do grao de discapacidade, cando fose expedido por outra comunidade autónoma (documento 1).
- c) Ditame técnico facultativo, cando fose expedido por outra comunidade autónoma (documento 2).



- d) Xustificación documental do diagnóstico de TDAH (documento 3).
- e) Certificado de realización dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional, cando fose expedido por outra comunidade autónoma (documento 4).
- f) Certificado de superación dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño, cando fose expedido por outra comunidade autónoma (documento 5).
- g) Certificado de profesionalidade de nivel II ou superior (documento 7).
- h) Certificación da resolución de deportista de alto rendemento (documento 9).
- i) Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou o equivalente da mutualidade laboral que corresponda (documento 11).
- j) Persoal das Forzas Armadas: certificación de vida laboral expedida pola pagadoría do centro de destino actual, onde consten os empregos desempeñados por destino, coa especialidade militar e o período de exercicio (documento 12).
- k) Certificación da empresa ou empresas en que se adquirise a experiencia laboral ou a memoria descritiva, segundo o modelo do anexo X desta orde (documento 13).

2. A documentación complementaria presentarase coa solicitude, segundo o establecido nos artigos 30 e 31 desta orde.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de xeito motivado, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



Artigo 33. *Comprobación de datos da proba de grao superior*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a. Certificado do grao de discapacidade, cando fose expedido por organismos dependentes da Xunta de Galicia (documento 1).

b. Ditame técnico facultativo, cando fose expedido por organismos dependentes da Xunta de Galicia (documento 2).

c. Certificado de realización dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional, realizada en Galicia (documento 4).

d. Certificado de superación dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño, realizada en Galicia (documento 5).

e. Título de técnico auxiliar da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa (documento 6).

f. Certificación da resolución de deportista de alto nivel (documento 8).

g. Título de técnico deportivo (documento 10).

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

CVE-DOG: 6ryh5wo3-9lg2-nbi9-a4m0-kizvwwwznz8d87



Artigo 34. *Proba de acceso a grao superior, estrutura e organización*

A estrutura e a organización da proba están definidas no artigo 39.3 do Decreto 114/2010. Cada parte organizarase en probas de distintas materias conforme o seguinte:

a) Parte común:

– Lingua galega.

– Lingua castelá.

– Matemáticas.

b) Parte específica. Organizarase con base en tres opcións, A, B e C, en función das familias profesionais e os ciclos formativos aos que posibilita o acceso, segundo se establece no anexo VII. A persoa aspirante deberá elixir unha das tres opcións no momento de formalizar a solicitude de inscrición para a proba, escollendo dúas das tres materias das que desexa que se lle examine:

– Opción A: Economía da empresa, Lingua estranxeira (inglés ou francés) e Filosofía.

– Opción B: Debuxo técnico, Tecnoloxía Industrial e Física.

– Opción C: Ciencias da terra e ambientais, Química e Bioloxía.

Artigo 35. *Proba de acceso a grao superior, exencións*

De acordo co artigo 39.4 do Decreto 114/2010, quen participe nas probas de acceso a ciclos formativos de grao superior poderá solicitar a exención total ou parcial da proba. A persoa solicitante non poderá examinarse da parte ou das partes da proba para as que se lle conceda, nesta convocatoria, a exención.

Artigo 36. *Proba de acceso a grao superior, exención de partes da proba*

Poderán quedar exentas dunha parte da proba as persoas que acrediten, mediante o documento xustificativo a que se fai referencia nos artigos 32 e 33, algunha das seguintes circunstancias:

1. Exención da parte común da proba:

a) Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia (documento 4).



b) Superación da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional non incluídos na opción pola que se presente, conforme o anexo VII desta orde (documento 4).

c) Superación dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño (documento 5).

2. Exención da parte específica:

a) Exención recoñecida, na mesma opción, nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia (documento 4).

b) Estar en posesión dun título de técnico auxiliar da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa (documento 6). A correspondencia entre o título de técnico auxiliar e a familia profesional do Catálogo nacional de cualificacións profesionais determinará a opción da parte específica á que lle corresponderá a exención, segundo o establecido nos anexos VIII e IX desta orde.

c) Superación dun certificado de profesionalidade de nivel II ou superior dalgunha das familias profesionais (documento 7). Terá exención da opción da parte específica correspondente, segundo a relación establecida no anexo VIII desta orde. Nas familias Marítimo-pesqueira e de Imaxe e son, aterase ao disposto no anexo IX desta orde en función da cualificación profesional incluída no certificado de profesionalidade. De publicárense novas cualificacións profesionais, a Dirección Xeral de Formación Profesional determinará a opción da parte específica da proba de acceso a que lle corresponde a exención.

d) As persoas que teñan a condición de deportistas de alto nivel ou de alto rendemento poderán solicitar a exención da parte específica da proba en caso de escoller a opción C, consonte o establecido no artigo 9.3.a) do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, e no artigo 36.1.f) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (documento 8 ou 9 segundo corresponda).

e) As persoas que posúan un título de técnico deportivo poden solicitar a exención da parte específica da proba en caso de escolleren a opción C (documento 10).

f) Acreditación, como mínimo, do tempo equivalente a un ano de experiencia laboral a xornada completa de xeito que exista correspondencia entre as actividades profesionais desenvolvidas e as unidades de competencia dunha cualificación profesional de nivel II ou



superior do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. As persoas interesadas deberán cumprir este requisito con anterioridade ao remate do período de inscrición para as probas. Segundo a familia profesional a que pertenza a cualificación profesional obterase exención da parte específica da proba pola opción que corresponda no anexo VIII desta orde. Nas familias Marítimo-pesqueira e de Imaxe e son, aterase ao disposto no anexo IX desta orde en función da cualificación profesional. De publicárense novas cualificacións profesionais, a Dirección Xeral de Formación Profesional determinará a opción da parte específica da proba de acceso a que lle corresponde a exención.

1º. En caso de persoas traballadoras por conta allea, a documentación para presentar será:

– Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou da mutualidade laboral en que se estivese afiliado/a, onde conste a empresa e o período de contratación (documento 11). En caso de persoal das Forzas Armadas, certificación de vida laboral expedida pola pagadoría do centro de destino actual, onde consten os empregos desempeñados por destino, coa especialidade militar e o período de exercicio (documento 12).

– Certificación da empresa en que se adquirise a experiencia laboral, segundo o modelo do anexo X desta orde, onde se fagan constar especificamente todos os aspectos requiridos no devandito anexo para cada unha das actividades laborais desenvolvidas pola persoa interesada relacionadas coa exención que solicita (documento 13).

2º. En caso de persoas traballadoras por conta propia, a documentación para presentar será:

– Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social onde conste o período de cotización no réxime especial de traballadores/as autónomos/as, ou o equivalente da mutualidade laboral en que se estivese afiliado/a (documento 11).

– Memoria descritiva segundo o modelo do anexo X, realizada e asinada pola persoa interesada, onde se fagan constar especificamente todos os aspectos requiridos no devandito anexo para cada unha das actividades laborais desenvolvidas pola persoa interesada relacionadas coa exención que solicita (documento 13).

Artigo 37. *Proba de acceso a grao superior, relacións provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas*

1. O día 7 de abril poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución provisional de solicitudes na aplicación «Ciclosprobas». Esta resolución dará infor-



mación sobre a solicitude e a documentación presentada. No caso das exclusións farase indicación expresa dos motivos que as ocasionen.

2. Poderanse presentar reclamacións contra a resolución provisional desde o día 7 ao día 10 de abril, ambos os dous incluídos, no mesmo centro onde se realizase a inscrición. Así mesmo, durante o período de reclamación poderase achegar a documentación pendente de entrega ou reclamada pola Administración referente ao solicitado na folia de inscrición.

3. O día 22 de abril poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución definitiva de solicitudes na aplicación «Ciclosprobas». Esta resolución dará información sobre a solicitude e a documentación presentada. No caso das exclusións farase indicación expresa dos motivos que as ocasionen.

Artigo 38. *Proba de acceso a grao superior, resolución das solicitudes de exención e de proba adaptada*

1. O día 7 de abril poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución provisional de exencións e de probas adaptadas na aplicación «Ciclosprobas». En caso de resolución denegatoria, figurará na resolución a causa da denegación.

2. Contra estas resolucións provisionais as persoas interesadas poderán presentar reclamación desde o día 7 ao día 10 de abril, ambos os dous incluídos, ante o presidente ou a presidenta do tribunal avaliador das probas, no centro onde se realizase a inscrición. As secretarías dos centros tramitarán as reclamacións a través da aplicación informática.

3. O día 22 de abril poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución definitiva de exencións e de probas adaptadas na aplicación «Ciclosprobas». En caso de resolución denegatoria, figurará na resolución a causa da denegación.

Artigo 39. *Proba de acceso a grao superior, comisións de realización*

De acordo co establecido no artigo 4, con anterioridade ao 14 de abril cada departamento territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional comunicará por escrito á Dirección Xeral de Formación Profesional o seguinte:

- O nome do inspector ou a inspectora responsable provincial das probas de acceso.
- A relación de centros públicos onde se vaian constituír as comisións de realización das probas, así como os centros adscritos. O día 22 de abril farase pública esta listaxe en cada centro onde se realice a inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>



– A relación das persoas integrantes das comisións de realización das probas, con detalle das funcións ou as tarefas que desempeñarán, en cada caso.

Artigo 40. *Proba de acceso a grao superior, realización da proba*

A estrutura e a organización da proba están definidas no artigo 39.3 do Decreto 114/2010.

1. As probas de acceso aos ciclos de grao superior terán lugar o día 29 de abril de 2026 no horario que se indica deseguido:

– Ás 9.00 horas: presentación.

– Das 9.30 ás 13.00 horas: parte común da proba (Matemáticas, Lingua galega e Lingua castelá).

– Das 16.00 ás 18.30 horas: parte específica da proba (materias específicas da opción vinculada ao ciclo formativo ao que se desexe acceder, segundo o anexo VII desta resolución).

2. As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e a copia da folia da solicitude de inscrición.

Artigo 41. *Proba de acceso a grao superior, resolucións provisionais e definitivas de cualificacións*

1. O día 8 de maio poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución provisional de cualificacións na aplicación «Ciclosprobas».

2. Poderanse presentar reclamacións contra a resolución provisional desde o día 8 ata o día 13 de maio, ambos os dous incluídos, no mesmo centro onde se realizara a inscrición.

3. O día 5 de xuño poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución definitiva de cualificacións na aplicación «Ciclosprobas».

Artigo 42. *Proba de acceso a grao superior, emisión de certificacións*

1. Todas as persoas participantes nas probas de acceso poderán solicitar as certificacións de realización da proba en calquera centro educativo público da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional con oferta de ciclos formativos de formación profesional a partir do día 8 de xuño de 2026.



2. En caso de superación da totalidade da proba e en función da opción elixida, de acordo co anexo VII desta orde, a devandita certificación incluírá a relación de familias profesionais e, de ser o caso, ciclos formativos en que se posibilitará o acceso a ciclos formativos de grao superior, nas condicións de admisión que se establezan.

3. Ás persoas que non superen a proba na súa totalidade, esta certificación permitiralles conservar durante os dous anos seguintes as cualificacións obtidas nas partes superadas para as convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. A certificación deberá recoller, pola súa vez, as posibles exencións outorgadas, que manterán a súa validez para futuras convocatorias, sempre que se manteña a mesma estrutura da proba de acceso.

Disposición adicional primeira. *Certificados de superación das probas por resolución administrativa*

As persoas que nas convocatorias de 2024, 2025 e 2026 superasen algunha das partes da proba de acceso de grao medio ou de grao superior na Comunidade Autónoma de Galicia e estean en condicións, logo de rematado o proceso, de acreditar nas partes non superadas algunha das causas de exención previstas nesta orde, poderán solicitar certificación de superación da proba en calquera instituto de educación secundaria onde se impartan ciclos formativos de formación profesional ou nos centros integrados de formación profesional.

Tamén o poderán solicitar as persoas que, aínda que non teñan partes superadas, estean en condicións de ter a exención de todas as partes da proba de acceso de grao medio ou de grao superior.

A emisión destes certificados poderase realizar en calquera centro docente público da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que imparta ciclos formativos de formación profesional no curso académico 2025/26.

A solicitude realizárase nos modelos do anexo I ou II, segundo corresponda, dirixida ao director ou á directora do centro, a partir da data en que se emitan os certificados da correspondente convocatoria ordinaria e ata o 30 de setembro de 2026.



Disposición adicional segunda. *Exención total da proba de acceso*

1. O Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional, establece nos artigos 110.5 e 114.5 a exención total da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior, respectivamente.

As persoas en situación de poder obter a exención total poderán solicitar o certificado de superación das probas polo procedemento establecido na disposición adicional primeira desta orde ou poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior, segundo corresponda, cunha cualificación de 5,00 polo grupo reservado para probas de acceso, nas condicións que se establezan no proceso de admisión. No caso dos ciclos de grao superior obterán o acceso pola opción A, B ou C da proba segundo as correspondencias establecidas nos anexos VII e VIII desta orde.

Disposición adicional terceira. *Vixencia das certificacións de superación das probas de acceso*

1. A certificación de ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio, consonte o establecido na Orde do 1 de abril de 2002 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica, ha ter os mesmos efectos que a certificación da superación da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio regulada nesta orde.

2. A certificación de ter superada a proba de acceso a un determinado ciclo formativo de grao superior, consonte a citada Orde do 1 de abril de 2002, manterá a súa vixencia ata a extinción do título correspondente establecido pola Lei orgánica 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo.

Logo de extinguido o título establecido pola Lei orgánica 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo, a devandita certificación ha permitir o acceso aos ciclos formativos declarados equivalentes para os efectos académicos, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, segundo se estableza no correspondente real decreto do título.

3. As certificacións de realización de probas de acceso emitidas ao abeiro da Orde do 2 de decembro de 2008 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo continuarán vixentes nos termos en que foron emitidas.



Disposición adicional cuarta. *Vixencia das resolucións de exencións da parte específica da proba de grao superior*

Quen dispoña de resolución positiva de exención da parte específica da proba de grao superior, ao abeiro da Orde do 1 de abril de 2002 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica, modificada pola Orde do 30 de xaneiro de 2007, poderaa presentar en futuras convocatorias mantendo a súa validez sempre que a opción elixida, A, B ou C, inclúa o ciclo para o que se concedese a devandita exención.

Disposición adicional quinta. *Corrección do documento oficial de identidade*

De se detectaren erros no número do documento de identificación (DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade dun Estado da Unión Europea), poderase solicitar a súa corrección en calquera momento a través dunha reclamación presentada na secretaría do centro de inscrición. A esta solicitude deberáselle xuntar unha copia do documento de identificación, e deberá estar asinada polo director ou a directora do centro, que o comunicarán por vía de urxencia á Subdirección Xeral de Cualificacións, Planificación e Xestión da Formación Profesional.

Disposición adicional sexta. *Arquivamento e destrución das probas*

A Dirección Xeral de Formación Profesional será a encargada do arquivamento dos exames durante un mínimo de tres meses tras a súa finalización. Transcorrido este período poderá procederse á destrución das probas contra as que non se formule reclamación. No caso dos exames obxecto de reclamación, a documentación conservarase durante un período de cinco anos.

Disposición adicional sétima. *Efectos económicos do tribunal e das comisións de realización de probas*

Para os efectos previstos no artigo 26 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, o tribunal e as comisións de realización de probas consideraranse incluídos na categoría terceira.

Disposición adicional oitava. *Tramitación de información*

Os centros de inscrición e os de realización das probas tramitarán a información e a documentación referente ao alumnado participante a través da aplicación informática facilitada pola Dirección Xeral de Formación Profesional, ou por calquera outro medio que esta determine.



Disposición derradeira primeira

Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do previsto nesta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2026

Román Rodríguez González
Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

CVE-DOG: 6ryh5wo3-9lg2-nbi9-a4m0-kizvwwwmz8d87



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO INSCRIPCIÓN PARA A PROBA DE ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL		CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED312C 	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF/PASAPORTE	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
NACIONALIDADE						DATA DE NACEMENTO	

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS DAS PERSOAS PROXENITORAS OU REPRESENTANTES LEGAIS (obrigatorio no caso de solicitudes de menores de idade)			
A solicitude deberá ser asinada pola persoa solicitante. Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio destas persoas, será necesaria a sinatura de ambas, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a unha delas. Nestes casos, cumprirá presentar, coa solicitude, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo (documento 1).			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

ADAPTACIÓN DA PROBA POR DISCAPACIDADE
☐ Solicita adaptación da proba por discapacidade. Describa a adaptación que precisa (documentos 2, 3 e/ou 4):

CONSERVACIÓN DA CUALIFICACIÓN DE PARTES SUPERADAS NALGUNHA DAS DÚAS CONVOCATORIAS ANTERIORES (documento 5)
☐ Solicita conservación da cualificación da parte sociolingüística.
☐ Solicita conservación da cualificación da parte matemática.
☐ Solicita conservación da cualificación da parte científico-técnica.

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONALANEXO I
(continuación)**EXENCIÓNS**

- ☐ Solicita exención da parte sociolingüística (sinale o motivo):
- ☐ Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia (documento 5).
 - ☐ Superación dos módulos profesionais de Comunicación e Sociedade I e II dun título de formación profesional básica (documento 6).
 - ☐ Superación dos ámbitos social e de comunicación dun programa de cualificación profesional inicial (documento 7).
 - ☐ Superación dos ámbitos social e de comunicación do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (documento 8).
- ☐ Solicita exención da parte matemática e da parte científico-técnica (sinale o motivo):
- ☐ Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia (documento 5).
 - ☐ Superación dos módulos profesionais de Ciencias Aplicadas I e II dun título de formación profesional básica (documento 6).
 - ☐ Superación do ámbito científico-tecnolóxico dun programa de cualificación profesional inicial (documento 7).
 - ☐ Superación do ámbito científico-tecnolóxico do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (documento 8).
- ☐ Solicita exención da parte científico-técnica (sinale o motivo):
- ☐ Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia (documento 5).
 - ☐ Superación dos módulos profesionais dun título de formación profesional básica agás o módulo de FCT e os módulos asociados aos bloques comúns (documento 6).
 - ☐ Superación dos módulos específicos profesionais (exceptuando o módulo de FCT) dun programa de cualificación profesional inicial (documento 7).
 - ☐ Certificado de profesionalidade de calquera nivel (documento 9).
 - ☐ Experiencia laboral de polo menos un ano en xornada completa (documento 10 ou 11).

APLICACIÓN Á CUALIFICACIÓN DO INCREMENTO ESTABLECIDO NA DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA DA ORDE DA CONVOCATORIA

- ☐ Solicita o incremento na cualificación final da proba de acceso por ter superado o curso de preparación da proba de acceso do artigo 41.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tras cursar un programa de cualificación profesional inicial (documentos 7 e 12).

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que ten 17 anos ou que os fai no ano natural de realización da proba.
2. Que non ten ningún dos requisitos académicos que posibiliten o acceso ao ciclo formativo e que, no caso de os ter o día de realización das probas, non concorrerá a elas.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- | |
|--|
| ☐ Copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI ou NIE. |
| ☐ (1) Resolución xudicial acreditativa da separación ou divorcio, situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a unha das persoas proxenitoras. |
| ☐ (2) Certificado do grao de discapacidade, cando fose expedido por outra comunidade autónoma. |
| ☐ (3) Ditame técnico facultativo, cando fose expedido por outra comunidade autónoma. |
| ☐ (4) Xustificación documental do diagnóstico de TDAH. |
| ☐ (5) Certificado de realización dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional, cando fose expedido por outra comunidade autónoma. |
| ☐ (6) Certificación académica de módulos superados dun título de formación profesional básica, cando fose expedida por outra comunidade autónoma. |
| ☐ (7) Certificación académica de módulos superados dun programa de cualificación profesional inicial, cando fose expedida por outra comunidade autónoma. |
| ☐ (8) Certificación académica de ámbitos superados do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas, cando fose expedida por outra comunidade autónoma. |
| ☐ (9) Certificado de profesionalidade. |
| ☐ (10) Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou o equivalente da mutualidade laboral que corresponda. |
| ☐ (11) Persoal das Forzas Armadas: certificación de vida laboral expedida pola pagadoría do centro de destino actual onde consten os empregos desempeñados por destino, coa especialidade militar e o período de exercicio. |
| ☐ (12) Certificado de ter realizado un curso autorizado de preparación da proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio. |

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONALANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente.	
(2) Certificado do grao de discapacidade, cando fose expedido por organismos dependentes da Xunta de Galicia	☐
(3) Ditame técnico facultativo, cando fose expedido por organismos dependentes da Xunta de Galicia	☐
(5) Certificado de realización dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional realizada en Galicia	☐
(6) Certificación académica de módulos superados dun título de formación profesional básica, cursado en Galicia	☐
(7) Certificación académica de módulos superados dun programa de cualificación profesional inicial, cursado en Galicia	☐
(8) Certificación académica de ámbitos superados do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas, cursado en Galicia	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 24 de febreiro de 2026 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento ED312C e ED312D)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xacobeo  2027

Nome do IES ou CFP:

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

ANEXO II

PROCEDEMENTO INSCRIPCIÓN PARA A PROBA DE ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL		CÓDIGO DE PROCEDEMENTO ED312D 	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF/PASAPORTE	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
NACIONALIDADE						DATA DE NACEMENTO	

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

OPCIÓN DA PARTE ESPECÍFICA DA PROBA PARA A CAL SOLICITA A INSCRIPCIÓN		
☐ Opción A (elixa dúas materias)	☐ Opción B (elixa dúas materias)	☐ Opción C (elixa dúas materias)
☐ Economía da Empresa	☐ Debuxo Técnico	☐ Ciencias da Terra e Ambientais
☐ Lingua Estranxeira (seleccione unha)	☐ Tecnoloxía Industrial	☐ Química
☐ Inglés	☐ Física	☐ Bioloxía
☐ Francés		
☐ Filosofía		

ADAPTACIÓN DA PROBA POR DISCAPACIDADE
☐ Solicita adaptación da proba por discapacidade. Describa a adaptación que precisa (documentos 1, 2 e/ou 3):

CONSERVACIÓN DA CUALIFICACIÓN DE PARTES SUPERADAS NALGUNHA DAS DÚAS CONVOCATORIAS ANTERIORES (documento 4)
☐ Solicita conservación da cualificación da parte común.
☐ Solicita conservación da cualificación da parte específica.

EXENCIONS
☐ Solicita exención da parte común (sinale o motivo):
☐ Exención recoñecida nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia (documento 4).
☐ Superación da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional por outra opción (documento 4).
☐ Superación da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño (documento 5).



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONALANEXO II
(continuación)

EXENCIÓNS (continuación)

- ☐ Solicita exención da parte específica (sinale o motivo):
- ☐ Exención recoñecida, na mesma opción, nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia (documento 4).
 - ☐ Título de técnico auxiliar da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa (documento 6).
 - ☐ Certificado de profesionalidade de nivel II ou superior (documento 7).
 - ☐ Condición de deportista de alto nivel (documento 8).
 - ☐ Condición de deportista de alto rendemento (documento 9).
 - ☐ Título de técnico deportivo (documento 10).
 - ☐ Experiencia laboral como persoa traballadora por conta allea de polo menos un ano (documentos 11 ou 12 e 13).
 - ☐ Experiencia laboral como persoa traballadora por conta propia de polo menos un ano (documentos 11 e 13).

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que ten 19 anos ou que os fai no ano natural de realización da proba.
2. Que non ten ningún dos requisitos académicos que posibiliten o acceso aos ciclos formativos de grao superior e que, no caso de os ter o día de realización das probas, non concorrerá a elas.
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI ou NIE.
- ☐ (1) Certificado do grao de discapacidade, cando fose expedido por outra comunidade autónoma.
- ☐ (2) Dítame técnico facultativo, cando fose expedido por outra comunidade autónoma.
- ☐ (3) Xustificación documental do diagnóstico de TDAH.
- ☐ (4) Certificado de realización dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional, cando fose expedido por outra comunidade autónoma.
- ☐ (5) Certificado de superación dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño, cando fose expedido por outra comunidade autónoma.
- ☐ (7) Certificado de profesionalidade de nivel II ou superior.
- ☐ (9) Certificación da resolución de deportista de alto rendemento.
- ☐ (11) Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou o equivalente da mutualidade laboral que corresponda.
- ☐ (12) Persoal das Forzas Armadas: certificación de vida laboral expedida pola pagadoría do centro de destino actual onde consten os empregos desempeñados por destino, coa especialidade militar e o período de exercicio.
- ☐ (13) Certificación da empresa ou empresas en que se adquirise a experiencia laboral ou memoria descritiva segundo o modelo do anexo X desta orde.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente.	
(1) Certificado do grao de discapacidade, cando fose expedido por organismos dependentes da Xunta de Galicia	☐
(2) Dítame técnico facultativo, cando fose expedido por organismos dependentes da Xunta de Galicia	☐
(4) Certificado de realización dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional realizada en Galicia	☐
(5) Certificado de superación dunha proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño realizada en Galicia	☐
(6) Título de técnico auxiliar da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa	☐
(8) Certificación da resolución de deportista de alto nivel	☐
(10) Título de técnico deportivo	☐

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONALANEXO II
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 24 de febreiro de 2026 pola que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento ED312C e ED312D).

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xacobeo  2027

Nome do IES ou CFP:

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO III

Acta de cualificación provisoria/definitiva das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

Convocatoria: ordinaria/extraordinaria.

Data de realización da proba (día/mes/ano).

Comisión de realización da proba:							
Nº de orde	DNI	APELIDOS E NOME	Nota SL	Nota MA	Nota CT	Nota CP	NF

Nota SL: nota da parte sociolingüística Nota MA: nota da parte matemática Nota CT: nota da parte científico-técnica

NF: nota final

E: exento/a

NP: non presentado/a

Nota CP: nota do curso de preparación das probas de acceso (consonte o establecido na disposición transitoria única desta orde).

Visto e prace.

O/a presidente/a.

O/a secretario/a.

Asdo.:

Asdo.:

..... de de

CVE-DOG: 6ryh5wo3-9lg2-nbi9-a4m0-kizvwwwmz8d87



ANEXO IV

Probos de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional**Certificado de realización das probas de acceso na convocatoria ordinaria/extraordinaria**

A Dirección Xeral de Formación Profesional da Xunta de Galicia

CERTIFICA

Que don/dona con DNI....., segundo consta na acta de cualificación definitiva das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio celebradas o (día/mes/ano) ao abeiro da Orde do de de, obtivo as seguintes cualificacións:

Parte sociolingüística	Parte matemática	Parte científico-técnica	Nota curso preparación	Nota final

(en caso de cualificación final igual ou superior a 5)

Este resultado permítelle cursar calquera ciclo formativo de grao medio.

(en caso de cualificación final igual a "non apto/a")

A cualificación obtida na parte superada ten validez durante os dous anos seguintes nas probas de acceso a ciclos formativos de grao medio convocadas pola Administración educativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

A exención dalgunha das partes terá validez en futuras convocatorias nas probas de acceso a ciclos formativos de grao medio convocadas pola Administración educativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, ... de de



ANEXO V

Acta de cualificación provisional/definitiva das probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

Convocatoria: ordinaria/extraordinaria.

Data de realización da proba (día/mes/ano).

Comisión de realización da proba:					
Nº de orde	DNI	APELIDOS E NOME	Nota PC	Nota PE	NF

Nota PC: nota da parte común. Nota PE: nota da parte específica. NF: nota final. E: exento/a. NP: non presentado/a.

Visto e praxe.

O/a presidente/a:

O/a secretario/a.

Selo do centro

Asdo.:

Asdo.:

..... de de

CVE-DOG: 6ryh5wo3-9lg2-nbi9-a4m0-kizvwwwmz8d87



ANEXO VI

Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional

Certificado de realización das probas de acceso na convocatoria ordinaria/extraordinaria

A Dirección Xeral de Formación Profesional da Xunta de Galicia

CERTIFICA

Que don/dona con DNI....., segundo consta na acta de cualificación definitiva das probas de acceso a ciclos formativos de grao superior celebradas o (día/mes/ano) ao abeiro da Orde do de de, obtivo as seguintes cualificacións:

Parte común	Parte específica Opción	FINAL

(en caso de cualificación final igual ou superior a 5)

Este resultado permítelle cursar calquera ciclo formativo de grao medio e os ciclos formativos de grao superior das familias profesionais que se indican a seguir:

1.
2.
3.
4.
5.

(en caso de cualificación final igual a "non apto/a")

A cualificación obtida na parte superada ten validez durante os dous anos seguintes nas probas de acceso a ciclos formativos de grao superior convocadas pola Administración educativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

A exención dalgunha das partes terá validez en futuras convocatorias nas probas de acceso a ciclos formativos de grao superior convocadas pola Administración educativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, de de



ANEXO VII
Familias profesionais e ciclos formativos a que se pode acceder segundo a opción da parte específica da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior

Proba de acceso superada	Familias profesionais e ciclos formativos aos que dá acceso
OPCIÓN A	Administración e xestión
	Comercio e márketing
	Hostalaría e turismo
	Servizos socioculturais e á comunidade
	Ciclo superior de Produción de audiovisuais e espectáculos (da familia profesional de Imaxe e son)
OPCIÓN B	Artes gráficas
	Edificación e obra civil
	Electricidade e electrónica
	Enerxía e auga
	Fabricación mecánica
	Industrias extractivas
	Informática e comunicacións
	Instalación e mantemento
	Imaxe e son (agás o ciclo superior de Produción de audiovisuais e espectáculos)
	Madeira, moble e cortiza
	Marítimo-pesqueira (agás o ciclo superior de Acuicultura)
	Transporte e mantemento de vehículos
	Téxtil, confección e pel
OPCIÓN C	Vidro e cerámica
	Agraria
	Actividades físicas e deportivas
	Imaxe persoal
	Industrias alimentarias
	Ciclo superior de Acuicultura (da familia profesional Marítimo-pesqueira)
	Química
	Seguridade e ambiente
	Sanidade



ANEXO VIII

Exención da parte específica da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior segundo a familia profesional en que se acredite unha cualificación profesional de nivel dous ou superior

Familias profesionais	Exención da parte Específica da proba
Actividades físicas e deportivas	Opción C
Administración e xestión	Opción A
Agraria	Opción C
Artes gráficas	Opción B
Comercio e márketing	Opción A
Edificación e obra civil	Opción B
Electricidade e electrónica	Opción B
Enerxía e auga	Opción B
Fabricación mecánica	Opción B
Hostalaría e turismo	Opción A
Imaxe persoal	Opción C
Industrias alimentarias	Opción C
Industrias extractivas	Opción B
Informática e comunicacións	Opción B
Instalación e mantemento	Opción B
Madeira, moble e cortiza	Opción B
Química	Opción C
Sanidade	Opción C
Seguridade e ambiente	Opción C
Servizos socioculturais e á comunidade	Opción A
Téxtil, confección e pel	Opción B
Transporte e mantemento de vehículos	Opción B
Vidro e cerámica	Opción B



ANEXO IX

Exención da parte específica da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior segundo as cualificacións profesionais de nivel dous ou superior que se acrediten

Familias profesionais	Cualificacións profesionais	Exención da parte Específica da proba
Imaxe e son	IMS074_3 Asistencia á produción en televisión. IMS221_3 Asistencia á produción cinematográfica e de obras audiovisuais. IMS437_3 Asistencia á produción de espectáculos en vivo e eventos.	Opción A
	IMS434_2 Animación musical e visual en vivo e en directo. IMS435_2 Operacións de produción de laboratorio de imaxe. IMS436_2 Operacións de son. IMS075_3 Luminotecnia para o espectáculo en vivo. IMS076_3 Animación 2D e 3D. IMS077_3 Asistencia á realización en televisión. IMS220_3 Asistencia á dirección cinematográfica e de obras audiovisuais. IMS294_3 Cámara de cine, vídeo e televisión. IMS295_3 Desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos. IMS296_3 Montaxe e posprodución de audiovisuais. IMS438_3 Desenvolvemento de proxectos e control de son en audiovisuais, radio e industria discográfica. IMS439_3 Desenvolvemento de proxectos e control de son en vivo e en instalacións fixas. IMS440_3 Produción en laboratorio de imaxe. IMS441_3 Produción fotográfica. IMS442_3 Rexedoría de espectáculos en vivo e eventos. IMS746_3 Audiodescrición de obras e espazos de contido audiovisual. IMS747_3 Subtitulación de obras e espazos de contido audiovisual.	Opción B
Marítimo-pesqueira	MAP005_2 Confección e mantemento de artes e aparellos. MAP006_2 Manipulación e conservación en pesca e acuicultura. MAP009_2 Operacións con equipos de mergullo, en instalacións de subministración e cámaras hiperbáricas. MAP010_2 Operacións subacuáticas de corte e soldadura, reparación en obra viva e reflotamento. MAP011_2 Operacións subacuáticas de obra hidráulica e voadura. MAP170_2 Operacións en transporte marítimo e pesca de baixura. MAP171_2 Navegación en augas interiores e próximas á costa. MAP231_2 Pesca local. MAP495_2 Mantemento de instalacións en acuicultura. MAP496_2 Operacións subacuáticas de salvamento e rescate. MAP573_2 Mantemento dos equipamentos dun parque de pesca e da instalación frigorífica. MAP574_2 Operacións de bombeo para carga e descarga en buques. MAP575_2 Operacións de coordinación en cuberta e parque de pesca. MAP591_2 Navegación e pesca marítima. MAP592_2 Operacións de control do funcionamento e mantemento da planta propulsora, máquinas e equipamentos auxiliares do buque. MAP593_2 Operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo. MAP619_2 Goberno de embarcacións e motos náuticas destinadas ao socorrismo acuático. MAP234_3 Navegación, transporte marítimo e actividades pesqueiras. MAP497_3 Inspección, localización e ensaios non destrutivos en ambientes hiperbáricos. MAP498_3 Intervencións subacuáticas no patrimonio natural e cultural somerxido. MAP499_3 Supervisión de operacións en complexos e sistemas hiperbáricos. MAP576_3 Documentación pesqueira. MAP577_3 Observación da actividade e control das capturas dun buque pesqueiro. MAP594_3 Control do funcionamento e supervisión do mantemento da planta propulsora, máquinas e equipamentos auxiliares do buque.	Opción B
	MAP007_2 Produción de alimento vivo. MAP008_2 Engorda de peixes, crustáceos e cefalópodos. MAP100_2 Engorda de moluscos bivalvos. MAP101_2 Produción en criadeiro de acuicultura. MAP102_3 Organización de lonxas. MAP232_3 Xestión da produción de criadeiro en acuicultura. MAP233_3 Xestión da produción de engorda en acuicultura.	Opción C

CVE-DOG: 6ryh5wo3-9lg2-nbi9-a4m0-kizvwwnz8d87




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, ANEXO X
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL**
**MODELO DE CERTIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NA EMPRESA PARA A SOLICITUDE DE EXENCIÓN DA PARTE
ESPECÍFICA DA PROBA DE ACCESO A GRAO SUPERIOR**
DATOS DA EMPRESA (débase achegar unha certificación acreditativa por cada empresa onde se desenvolvese a actividade)

NOME	ACTIVIDADE ECONÓMICA	NIF
RAZÓN SOCIAL		

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

DATOS DA PERSOA TRABALLADORA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

ACTIVIDADE Nº

(Débase entregar tantos impresos como actividades diferentes, numeradas correlativamente, se desenvolvesen na empresa)

1. Descrición da actividade e das tarefas desenvolvidas:

Porcentaxe da
xornada anual
dedicada a esta
actividade:

2. Máquinas, equipamentos e ferramentas empregados, e grao de destreza no seu manexo:

3. Materiais utilizados para o traballo:

4. Información manexada (planos, esquemas, información telemática, instrucións diarias, etc.):

E para que conste e teña efectos onde proceda, por instancia da persoa interesada, expido esta certificación.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE DA EMPRESA

(Sinatura e selo da empresa)

Lugar e data

 , de de
Xacobeo  **2027**

CVE-DOG: 6ryh5wo3-9lg2-nbi9-a4m0-kizvwwnz8d87


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>